

Anda o tempo revolto.

Asoma o arco da vella.

Cando a tormenta cesou, as pedras molladas do mosteiro brillaban como se foran novas.

Un altofalante presidía o claustro. Martiño premeu un botón, e o espazo encheuse de sons que nunca escoitara. No século XX a música xa non ten unha única cara. É unha miscelánea de estilos, de voces, de culturas. Todo é posible. Cada persoa, cada lugar, cada emoción ten a súa música. O jazz, o pop, o rock, o hip hop, a música electrónica, todas son fillas da mesma historia, da nosa historia.

Na parede do mosteiro proxectouse entón unha escena: unha paisaxe desértica, un heroe solitario, e por detrás, a música de Ennio Morricone. Martiño escoitaba, vía, sentía. Entendía.

Nun intre percíbese unha peza suave, case máxica, e detrás dela, aparecen nunha pantalla lembranzas: o canto gregoriano, a danza do Renacemento, a frauta barroca, a orquestra do Clasicismo e a paixón do Romanticismo.

Martiño pechou os ollos e viu un arco da vella inmenso feito de notas, de ritmos, de historias. Comprende que a música non era unha liña, senón un círculo, unha espiral infinita que se transforma e regresa, que nace de dentro e conecta co mundo.

Cando abriu os ollos, o sol brillaba con forza sobre o vello templo. Mirou ao ceo, onde o arco da vella xa se debuxaba enteiro entre as torres derrubadas do mosteiro, e murmurou:

—A música non remata nunca, só se transforma co tempo.



“Asoma o arco da vella”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)